



INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS (IN408A 2017/05)

UBICACIÓN: CONCELLOS DE A ESTRADA, CERDEDO-COTOBADE E CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)

SOLICITANTE: XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: NATURGY RENOVABLES, SLU

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 09 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o documento "Parque Eólico Campo das Rosas. Proxecto Sectorial. A Estrada, Cerdedo e Campo Lameiro (Pontevedra). Decembro 2020", en cumprimento do artigo 39 da Lei 9/2010 do 4 de novembro, de Augas de Galicia e do artigo 25.4 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

Antecedentes

Con data 26/10/2017 o promotor, presentou solicitude de Autorización Administrativa, Aprobación de Proxecto e Declaración de Impacto Ambiental das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Campo das Rosas (expte. IN408A 2017/05).

Con data 29/01/2019 faise entrega dos correspondentes estudos do Parque Eólico de Campo das Rosas (Proxecto Técnico que substitúe ao presentado o 26/10/2017 e Estudo de Impacto Ambiental) ao obxecto de incluír a infraestrutura de evacuación de maneira conxunta para tramitar nun único expediente.

Con data 31/07/2019, recíbese comunicado da Axencia de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea acerca da aceptabilidade do proxecto, condicionando a mesma a unha limitación de altura máxima de 797 m. En base a isto último, o promotor reformula parte da instalación proxectada para poder cumprir coa devandita restrición, o que levou a unha nova edición do proxecto con data de visado 17/12/2019 e presentada o 23/12/2019 ante o Órgano Substantivo, sendo admitida por este último o 08/05/2020.

En resposta á emisión dos informes previos de carácter ambiental e urbanístico ao proxecto "Parque Eólico Campo das Rosas e evacuación asociada", xorde a presente edición do Proxecto Sectorial, que contén as correccións correspondentes aos distintos requirimentos formais recibidos ata a data.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).





- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe titúlase **“Parque Eólico Campo das Rosas. Proxecto Sectorial. A Estrada, Cerdedo e Campo Lameiro (Pontevedra). Decembro 2020”**, asinado polos enxeñeiros industriais Dña. Consolación Alonso Alonso, colexiada Nº 9.746 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid, e, por D. Ricardo Lago Alonso, colexiado Nº 2.221 Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, e que consta dunha memoria con anexos.

A continuación recóllese un resumo das obras descritas no proxecto sectorial de referencia.

Os Parque Eólico Campo das Rosas localízase nos concellos de A Estrada, Cerdedo - Cotobade e Campo Lameiro, na provincia de Pontevedra. O parque eólico, de 27,6 MW de potencia eléctrica bruta, estará integrado por 8 aeroxeradores tripala de velocidade variable e paso variable, de 3.450 kW de potencia nominal unitaria, de 138 m de diámetro de rotor e 94 m de altura de buxe. No parque instalaranse dúas torres de medición. A situación en coordenadas UTM (etrs89 fuso 29N) dos aeroxeradores e das torres de medición é a seguinte:

INFRAESTRUCTURA	COORDENADAS (m.)	
	ETRS89 UTM Zona 29T	
	X	Y
Aerogenerador CR-01	544.649	4.716.195
Aerogenerador CR-02	545.559	4.715.613
Aerogenerador CR-03	545.119	4.715.279
Aerogenerador CR-04	545.863	4.715.021
Aerogenerador CR-05	542.505	4.710.719
Aerogenerador CR-06	543.410	4.711.146
Aerogenerador CR-07	543.712	4.710.898
Aerogenerador CR-08	543.641	4.710.326
Torre de medición TM-1	545.144	4.714.453
Torre de medición TM-2	543.450	4.710.050





O parque eólico conta así mesmo cun centro de seccionamiento e unha subestación denominada Subestación 30/220 kV Quireza, situados nas seguintes coordenadas UTM (etrs89 fuso 29N):

centro de seccionamiento:

VÉRTICE	X UTM	Y UTM
A	543.908	4.712.086
B	543.896	4.712.045
C	543.869	4.712.053
D	543.881	4.712.094

subestación:

VÉRTICE	X UTM	Y UTM
A	543.602	4.713.633
B	543.602	4.713.703
C	543.633	4.713.703
D	543.633	4.713.633

A interconexión do Parque Eólico Campo das Rosas coa rede nacional eléctrica de transporte levará a cabo mediante a seguinte infraestrutura eléctrica:

- O centro de seccionamiento do parque eólico de Campo das Rosas conectarase mediante unha liña en 30 kV e de 1,7 km de lonxitude coa nova subestación de interconexión 30/220kV Quireza.
- Desde a subestación de interconexión 30/220 kV Quireza partirá unha liña a 220 kV de tan só 77,6 m de lonxitude que enlazará co apoio nº1 da LAT 220 KV TIBO – PICO TOURIÑAN.

A Liña eléctrica de 30 kV de evacuación terá a súa orixe no centro de seccionamiento do Parque Eólico Campo das Rosas e discorrerá a través do termo municipal de Cerdedo- Cotobade, finalizando na Subestación 30/220 kV Quireza, cunha lonxitude de 1.363 metros en aéreo e dous tramos en subterráneo de 59 m e 398 m respectivamente. Na seguinte táboa móstranse as coordenadas UTM etrs 89 fuso 29N dos apoios da liña a 30 kV no seu tramo aéreo:

Nº Apoio	Tipo	X UTM	Y UTM	Z
1	D 21000 12,00 H-3/1 PAS	543.899	4.712.109	543,28
2	A 9000 16,20 T-2,4/2	543.872	4.712.380	570,35
3	A 9000 20,70 T-2,4/2	543.844	4.712.665	635,33
4	A 9000 16,20 T-2,4/2	543.827	4.712.838	666,76
5	O 1600 14,90 T-2,0/1,3	543.813	4.712.982	667,09
6	O 1600 12,60 T-2,0/1,3	543.799	4.713.125	672,87
7	O 1600 12,6 T-2,0/1,3	543.784	4.713.287	683,66
8	D 21000 12,00 H-3/1 PAS	543.766	4.713.465	691,06

A actuacións que se contemplan inclúen:

- Accesos e viais internos

O acceso proxectado está previsto desde o nordeste do parque eólico mediante un camiño existente a reparar que entronca coa estrada PO – 7102. A lonxitude total de viais do Parque Eólico Campo das Rosas é de 14.255 m, dos cales 7.659 m corresponden con viais novos, 6.596 m corresponden a viais existentes a reparar. A anchura mínima útil proxectada en calzada é de 5 metros. A sección dos viais estará composta polas seguintes capas: sub-basee de 30 cm de espesor consistente nun recheo de chan seleccionado debidamente compactado ao 98% do PM, e, base ou capa superior de rodadura de saburra artificial compactada ao 98% PM, de 20





cm de espesor. Da lonxitude total de viais (14.255 m) engadirase unha mestura de chan - cemento a aqueles tramos cuxa pendente sexa maior ao 10%, tendo estes tramos unha lonxitude total de 4.215 m.

- Cimentacións e plataformas de montaxe dos aeroxeradores

O deseño básico da cimentación para o aeroxerador consiste nunha zapata de formigón armado de tipo circular, de 22,00 m de diámetro e un canto variable entre 2,80 m no arranque xunto ao pedestal e 0,50 no bordo exterior do mesmo. O pedestal central ten 6,60 m de diámetro e un canto total de 3,45 m.

Construiranse as plataformas de montaxe segundo os requirimentos do subministrador dos aeroxeradores en canto a xeometría e capacidade portante. As plataformas para montaxe dos aeroxeradores, terán un acabado similar aos viais con espesor de 20 cm de terminación en saburra.

- Gabias para cables

Instalaranse enterrados en gabias os cables de media tensión (30 kV), baixa tensión e de comunicacións, os cales se tenderán entre cada aeroxerador e o centro de seccionamiento. A lonxitude de canalizacións en gabia é de 13.023 m. No fondo da gabia estenderase o condutor de terra.

- Centro de Seccionamiento e edificio de control

A enerxía xerada polos Parques Eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas verterase á rede a través dun Centro de Seccionamiento de 30 kV que conectará cunha nova subestación de interconexión de 220/30 kV. O centro de seccionamiento está constituído por un edificio prefabricado que alberga as celas de MT e elementos auxiliares. A superficie afectada polo centro de seccionamiento e edificio de control será de 988 m².

No tocante ás afeccións ao medio hídrico, segundo a documentación aportada, os aeroxeradores non afectan a ningún curso hídrico, aínda que o acceso principal do parque atravesa 6 arrosos: rego Marco de Aceas, regueiro de Albinos, rego Pedra de Forno, rego s/n, rego Os Picos de Aguillon, e rego de Ponte Farosa. Asemade, nos planos aportados obsérvase que o tramo aéreo da liña de evacuación asociada cruza de xeito aéreo dous regatos, un entre os apoios 6 e 7 e outro entre os apoios 7 e 8.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede Fluvial

O Parque Eólico Campo das Rosas e a súa liña de evacuación asociada atópanse situados nos concellos de A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro (Pontevedra), na provincia de Pontevedra, dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os





sistemas de explotación nos que se sitúa a dita infraestrutura son o 04 "RÍO UMIA E RÍA DE AROUSA (MARXE ESQUERDA)", E 03 "RÍO LÉREZ E RÍA DE PONTEVEDRA".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación achegada, os seguintes cauces fluviais codificados por Augas de Galicia: río Lérez (273), os seus tributarios rego de Quireza (273026), rego San Isidro (273018), rego Grande (273030) e rego dos Calvos (273034), río Umia (253), os seus tributarios río Barro (253011), rego Cancelo (253013) e rego do Barranco de Toxeira (253015), e os seus afluentes. Os encoros máis cercanos á zona de implantación do parque son o encoro de Anllo a uns 1,95 quilómetros ao sueste da torre meteorolóxica TM-2, o encoro de Arroibar a uns 2 quilómetros ao sur da dita torre, e, o encoro de San Xusto a uns 2,45 quilómetros ao suroeste da devandita torre, todos eles no río Lérez.

Pódese consultar e contrastar estes extremos na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2019, apréciase que parte do voo das pas dos aeroxeradores CR-02 e CR-04 están en zona de policía do rego do Barranco de Insuela (25301103) e do rego do Barranco de Fervenza (25301101) respectivamente. Asemade, o tramo soterrado da liña eléctrica de evacuación asociada ao parque que discorre entre o apoio 8 e a SET Quireza está en zona de policía do rego de Os Picos de Aguillón (2730261001). Tamén detéctase que o tramo aéreo da liña eléctrica asociada presenta un cruce co rego de Os Picos de Aguillón (2730261001) entre os apoios 7 e 8, estando os dous apoios e o voo da liña aérea en zona de policía. Ademais do indicado, detéctanse as seguintes afeccións a cursos fluviais por parte das infraestruturas do parque e da liña eléctrica asociada, nos puntos que se definen a continuación:

- Táboa de afeccións a cursos fluviais por parte instalacións do Parque Eólico:

Nº	Curso fluvial	Cruce / Zona de Policía	Coordenadas UTM ETRS89 fuso29	Tipo de afección descrita na Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia
1	27302610 rego da Ponte Farosa (regueiro de Ponte Faroxo segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Cruce e Zona de policía	ZP(543.281, 4.711.989) – (543.400, 4.712.165) Cruce (543.300, 4.712.089)	Execución de camiño de acceso ao parque, cruce de curso fluvial.	Execución de camiño de acceso ao parque e gabi de cableado, cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.
2	2730261001 rego de Os Picos de Aguillón (rego das Penices segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Cruce e Zona de policía	ZP(544.643, 4.712.780) – (544.727, 4.713.011) Cruce (544.644, 4.712.953)	Execución de camiño de acceso ao parque, cruce de curso fluvial.	Execución de camiño de acceso ao parque e gabi de cableado, cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.
3	Rego innominado tributario do 2730261001 rego de Os Picos de Aguillón	Cruce e Zona de policía	ZP(544.735, 4.713.032) – (544.745, 4.713.366) Cruce (544.657, 4.713.316)	Execución de camiño de acceso ao parque, cruce de curso fluvial.	Execución de camiño de acceso ao parque e gabi de cableado, cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.





Nº	Curso fluvial	Cruce / Zona de Policía	Coordenadas UTM ETRS89 fuso29	Tipo de afección descrita na Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia
4	27302610011 rego de Pedra de Forno	Cruce e Zona de policía	ZP(544.835, 4.713.417) – (544.907, 4.713.678) Cruce (544.815, 4.713.613)	Execución de camiño de acceso ao parque, cruce de curso fluvial.	Execución de camiño de acceso ao parque e gabia de cableado, cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.
5	27302608 rego de Fondos (rego de Porta Quintas segundo rede fluvial actualizada 2019)	Zona de policía	ZP(545.082, 4.714.185) – (545.178, 4.714.294)	Afección non descrita na documentación presentada.	Execución de camiño de acceso ao parque, obras en zona de policía.
6	Regueiro de Albinos	Cruce e Zona de policía	-	Execución de camiño de acceso ao parque, cruce de curso fluvial.	Afección non detectada no visor. Deberá comprobarse en campo.
7	27302606 rego dos Castros	Zona de policía	ZP(546.296, 4.715.131) – (546.510, 4.715.211)	Afección non descrita na documentación presentada.	Execución de camiño de acceso ao parque, obras en zona de policía.
8	27302604 rego do Marco de Aceas	Zona de policía	ZP(546.625, 4.715.215) – (546.713, 4.715.112)	Execución de camiño de acceso ao parque, cruce de curso fluvial.	Execución de camiño de acceso ao parque, obras en zona de policía. Non se detectou o cruce no visor, deberase comprobar en campo.
9	25301101 rego do Barranco de Fervenza	Zona de policía	ZP(545.854, 4.715.089) – (545.817, 4.715.072)	Afección non descrita na documentación presentada.	Parte do voo das pas do aerogenerador CR-04, obras en zona de policía.
10	25301103 rego do Barranco de Insuela	Zona de policía	ZP(545.541, 4.715.679) – (545.495, 4.715.587)	Afección non descrita na documentación presentada.	Parte do voo das pas do aerogenerador CR-02, obras en zona de policía.

- Táboa de afeccións por parte da liña eléctrica asociada ao Parque Eólico:

Tramo soterrado da liña

Nº	Curso fluvial	Cruce / Zona de Policía	Coordenadas UTM ETRS89 fuso29	Tipo de afección descrita na Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia
11	2730261001 rego de Os Picos de Aguillón (rego das Penices segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Zona de policía	ZP(543.766, 4.713.465) – (543.600, 4.713.604)	Afección non descrita na documentación presentada.	Execución de treito soterrado da liña eléctrica asociada entre o apoio 8 e a SET Quireza, obras en zona de policía.

Tramo aéreo da liña





Nº	Tramo aéreo	Curso fluvial afectado	Cruce / Zona de policía	Tipo de afección descrita na documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia (Coordenadas UTM ETRS89 fuso29)
12	Apoio 6 ao 7	Rego innominado	Cruce de liña aérea e voo de liña aérea en zona de Policía.	Cruzamento aéreo do cauce entre os apoios 6 e 7.	Non se detectou este cruzamento no visor. Deberá comprobarse en campo. Unicamente detéctase no visor que unha pequena parte do voo da liña aérea, uns 15 metros de lonxitude en planta (no entorno do apoio 7) está en zona de policía do 2730261001 rego de Os Picos de Aguillón (rego das Penices segundo a rede fluvial actualizada do 2019).
13	Apoios 7 ao 8	2730261001 rego de Os Picos de Aguillón (rego das Penices segundo a rede fluvial actualizada do 2019).	Cruce de liña aérea e voo de liña aérea en zona de Policía. Apoios en zona de policía.	Cruzamento aéreo do cauce entre os apoios 7 e 8.	Cruzamento aéreo do cauce no punto (543.774, 4.713.385) e voo de liña aérea en zona de policía. Apoios 7 e 8 en zona de policía.

En todos estes casos, segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH, será necesario solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais dunha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflictan as actuacións a realizar e as marxes dos cauces así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos cauces no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia canda documentación se considere necesaria.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha conca de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seránlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.





Neste senso, na documentación aportada indícase que o camiño de acceso ao parque presenta un cruce con regueiro de Albinos e outro cruce co rego do Marco das Aceas 27302604 que non foros detectados no visor e que deberán ser comprobados en campo. Do mesmo xeito, na dita documentación indícase que a liña eléctrica asociada ao parque no tramo entre os apoios 6 e 7 presenta un cruce cun rego innominado, que tampouco foi detectado no visor e que deberá ser comprobado en campo.

No cruce de cauces por liñas eléctricas aéreas, deberase cumprir o disposto no artigo 127.1 do RDPH e solicitar autorización ante Augas de Galicia, e o disposto no artigo 127.2 do RDPH que establece que a altura mínima en metros sobre o nivel alcanzado polas máximas avenidas deducirase das normas que a estes efectos teña ditada sobre este tipo de gálidos o *Ministerio de Industria y Energía*, respectando sempre como mínimo o valor que se deduce da seguinte fórmula: $H = G + 2,30 + 0,01 \cdot U$, onde H será a altura mínima en metros, G terá un valor de 4,7 para casos normais e de 10,5 para cruces de encoros e río navegables, e U será o valor da tensión da liña expresada en Kilovoltios.

No caso da presente infraestrutura eléctrica a altura mínima para a liña de 30 kV segundo o devandito artigo 127.2 do RDPH será de $H = 4,7 + 2,30 + 0,01 \cdot 30 = 7,30$ m nos casos normais (ríos non navegables).

A mínima distancia vertical entre os condutores da liña e o curso de auga, nas condicións máis desfavorables está asemade fixada polo Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09. No punto 5 da ITC-LAT 07, establece esta distancia mínima vertical, para o caso de ríos non navegables segundo a fórmula $D_{add} + D_{el} = 5,3 + D_{el}$, fixando un mínimo de 6,00 m.

No caso da presente liña a altura mínima para a liña de 30 kV segundo a ITC-LAT 07 será de $D_{add} + D_{el} = 5,3 + 0,35 = 5,65$ m, polo que a distancia mínima será de 6 m nos casos de ríos non navegables.

Cómpre sinalar que debe cumprir a distancia definida no artigo 127.2 do RDPH, mais restritiva que a anterior.

Na documentación presentada inclúense os perfís lonxitudinais da liña eléctrica aérea, indicándose as seguintes alturas nos tramos que presentan cruces con cursos fluviais:

Tramo aéreo	Curso fluvial afectado	Altura sobre o cauce no punto de cruce (segundo documentación aportada)	Altura mínima segundo RDPH
Apoio 6 ao 7	Rego innominado	10,44 m	7,30 m
Apoio 7 ao 8	2730261001 rego de Os Picos de Aguillón (rego das Penices segundo a rede fluvial actualizada do 2019).	15,78 m	7,30 m

Por outra banda, na documentación presentada non se detallan os accesos (temporais ou definitivos) aos apoios no tramo aéreo da liña de evacuación asociada ao parque. A este respecto, no caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes así como





as zonas de ocupación temporal necesarias para o desenvolvemento das obras requiran actuacións localizadas en zona de dominio público hidráulico ou en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Asemade, cómpre salientar que na documentación presentada non se indica o xeito en que se realizará o cruce das gabias de cableado cos cursos fluviais, polo que este aspecto debe aclararse no momento procedemental da correspondente solicitude de autorización a Augas de Galicia, optando en todo caso pola metodoloxía construtiva que menor afección cause ao medio hídrico e ao seu entorno.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Cómpre indicar que no Proxecto Sectorial presentado non se describen as obras correspondentes á Subestación Quireza; non obstante, dado que a dita Subestación non está emprazada en zona de policía de ningún curso fluvial, esta omisión no afecta á emisión do presente informe. Do mesmo xeito salientase que se detectou que nos planos da ordenación urbanística proposta recollidos no Proxecto presentado bótase en falta o grafado do tipo do solo proposto correspondente á devandita Subestación Quireza, sen que esta omisión afecte igualmente á emisión do presente informe, polo motivo indicado.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro. A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras) son as seguintes:

NOM_ZPROT	EUZPROTCOD	TIPO	ESTADO	COORDENADA X (UTM ETRS89 H29)	COORDENADA Y (UTM ETRS89 H29)
SAN ISIDRO	ES014CACH000000361	SUBTERRÁNEA	Existente	543.548,815	4.709.577,109
-	ES014ZCCM0000005085	SUPERFICIAL	Futura	545.682,072	4.714.047,103

O parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación non afectan a ningunha das áreas protexidas a nivel internacional.

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, os ZECs mais cercanos á zona de actuación son o ZEC "Río Lérez" a uns 4,25 quilómetros ao suroeste do parque e o ZEC "Serra do Cando" a uns 6,15 quilómetros ao oeste do parque. A Zona de Interese Piscícola "Lérez" está emprazada a uns 2 quilómetros ao sur das actuacións. Por outra banda, as instalacións do parque eólico e da liña de evacuación asociada atópanse nas Zonas de Captación de Zona Sensible denominadas ESCM1218 e ESCM626.





No tocante ás áreas protexidas a nivel estatal ou autonómico, a mais cercana é o ZEPVN "Río Lérez", a uns 4,25 quilómetros ao suroeste do parque. Xa máis alonxado atópase o ZEPVN "Serra do Cando" a uns 6,15 quilómetros ao oeste do parque.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 "Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico" deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas





que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao





caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/> pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras):

Clave	Titular	Coordenada X (Datum inscrición)	Coordenada Y (Datum inscrición)
DH.A36.44699	COMUNIDADE DE USUARIOS	542.295	4.710.627

No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

“Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de





retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escuramentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das función de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Na documentación presentada non se especifica o sistema previsto para o abastecemento e o saneamento do edificio de control do centro de seccionamento nin do edificio de control da subestación. Por esta Entidade, cómpre lembrar que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberá solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.

Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstas, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os cauces disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.





Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituir un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata ós leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveles freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras en zona de policía a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ó remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

En consecuencia, e de acordo co exposto, infórmase **favorablemente** ao documento **“Parque Eólico Campo das Rosas. Proxecto Sectorial. A Estrada, Cerdedo e Campo Lameiro (Pontevedra). Decembro 2020”**, sempre que se teñan en conta as consideracións feitas nos parágrafos precedentes.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas no documento sometido a informe.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Augas de Galicia

Servizos Centrais

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela
augasdeg Galicia@xunta.gal
<https://augasdeg Galicia.xunta.gal>



Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste Organismo de Conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

-A xefa de Área de Autorizacións e Concesións- María C. Beneyto González-Baylín (Sinatura dixital)

-O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico- Roberto Arias Sánchez (Sinatura dixital)

